



IES RICARDO CARVALHO CALERO

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2023-24

INDICE

1.- DATOS XERAIS	3
2.- INTRODUCCIÓN	4
3.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CONTEXTO	6
4.- AVALIACIÓN DE NECESIDADES	8
5.- OBXECTIVOS XERAIS	10
6.- AMBITOS DE ACTUACIÓN, ACTIVIDADES E PROGRAMAS	11
6,1.- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe: concreción do PXAD.....	11
6,2.- Programación anual de Pedagogía Terapéutica	11
6,3.- Acción titorial: concreción anual do PAT	18
6,4.- Orientación académico-profesional: concreción do POAP	21
6,5.- Actividades relacionadas coa convivencia no centro	22
6,6.- Actuación co centro adscrito	22
7.- METODOLOXÍA	23
8.- RECURSOS	24
9.- AVALIACIÓN	25
10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26

1. DATOS XERAIS

O Departamento de Orientación, segundo a lexislación vixente, está constituído polos seguintes membros:

- Profesora de FOL: *Sira Salgueiro Fanego*
- Titor ámbito científico: *Irene Montenegro Prado*
- Titora ámbito lingüístico: *Silvia Rodríguez Mouriz*
- Profesor/a de PT: *María Paloma Rodríguez Carro*
- Xefa Departamento Orientación: *Susana Pita Anca*
- Xefa Departamento Orientación CEIP Leticia:

Os abaixo asinantes manifestan a súa conformidade co presente documento que constitúe a Programación Anual do Departamento de Orientación para o curso 2023-24.

Ferrol, 20 de setembro de 2023

2. INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o marco de actuación do Dpto. de orientación do IES Carvalho Calero para o curso 2023-24.

No actual curso complétase a implantación da LOMLOE en toda a etapa de ESO e Bacharelato.

Este é o dúodécimo ano de permanencia da orientadora no centro. Tamén contamos por segundo curso coa mesma mestra de PT a tempo completo para a atención do alumnado do IES.

Dacordo coa nova normativa de atención á diversidade derivada da LOMLOE este ano si se puido organizar un grupo de diversificación curricular en 3º de ESO en contraposición co acontecido o ano anterior, que non resultou viable por non acadar o número mínimo de alumnos.

Por motivos organizativos, este curso só foi posible facer desdobres en 1º de ESO nas materias de lingua castelá, lingua galega, inglés e matemáticas. En 2º curso só desdobran en lingua galega e en 3º e 4º non hai ningún desdobre aínda que como xa se indicou en 3º de ESO hai un grupo de diversificación curricular.

Tamén completaremos a atención a determinados alumnos con apoios por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria. En 1º de ESO hai unha hora de apoio en educación dixital, en 2º de ESO unha en inglés, outra en lingua castelá, outra en matemáticas, outra en xeografía e unha máis en lingua galega facendo un total de cinco horas de apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade.

Coma en cursos anteriores contaremos cun convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano que, a través do programa Promociona pretende axudar ao alumnado de etnia a acadar o graduado en ESO.

En base á información previa de que dispoñemos identificamos uns grupos que, pola súa casuística requirirán dunha maior atención por parte do departamento de orientación. Un deses grupos será 1º de ESO, por ser alumnado de nova incorporación ao centro onde hai dous alumnos/as que proceden de educación primaria con adaptación curricular e un terceiro repetidor tamén subsidiario desta medida. Neste grupo repiten curso un total de 10 alumnos e nove dos vintetrés son de etnia xitana. Doce rapaces están propostos para a exención da segunda lingua estranxeira.

Outro grupo no que haberá que prestar especial atención é o de 2º de ESO, onde están escolarizados dous alumnos con adaptación curricular, tres repiten curso e hai catro rapaces de etnia. Catro rapaces son de promoción obrigada.

Tamén se terá en conta neste curso o grupo de 3º da ESO pois hai un alumno TEA que mantén unha escolarización combinada con ASPANAEPs.

É de supor que 1º de FP Básica de Peiteado tamén requira unha colaboración estreita por parte do departamento de orientación pola diversa casuística persoal e social do alumnado.

Ao longo do curso iranse identificando casos particulares de alumnado que precisen dun seguemento individualizado por parte do departamento de orientación.

Incidirase na aplicación dos Protocolos da Xunta naqueles casos nos que o alumnado e/ou as familias o demanden. Prestarase especial atención aos protocolos de risco suicida.

Este curso o Plan Proxecta (Prógrama Aliméntate Ben, Móvete e Socializa) será coordinado por Paloma Rodríguez, a mestra de pedagogía terapéutica. Aos eixos vertebradores do curso pasado alimentación-actividade física engadimos un máis ata formar unha triada, a dimensión socializadora.

Coma en cursos anteriores prevemos unha ampla programación de actividades de difusión relacionadas coa orientación académico-profesional, prevención de adiccions, seguridade na internet, seguridade vial, educación para a saúde e outras temáticas de carácter transversal.

Como marco legal para a elaboración desta programación anual tivéronse en conta os seguintes documentos:

- Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros educativos
- Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2021

- 120/1998 do 23/4 que regula a orientación educativa na CCAA de Galicia.
- O. 24/7/98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia.
- Resolución 06/06/23 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023-24.
- Resolución do 06/07/23 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional no curso 2023-24.

3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO CONTEXTO.

O IES Carvalho Calero está situado en Caranza, unha zona urbana pertencente ao concello de Ferrol ubicada no radio exterior da cidade. Na entorna hai un alto índice de vivendas de protección social, familias con escasos recursos e cun nivel socioeconómico e cultural baixo, ademais de familias pertencentes á etnia xitana. Detéctase ademais unha porcentaxe non desdeñable de alumnado de familias desestructuradas.

O alumnado de ESO é residente no barrio e unha parte deste pertence a esta tipoloxía de familias. Non obstante, o perfil de alumnado do centro complementase con outro tipo que acode non só do barrio senón tamén de Ferrol, Narón e incluso concellos veciños. Isto prodúcese porque o centro oferta un tipo de ensinanzas que non existen na zona: ensinanzas de FP da familia de Imaxe persoal e tamén o Bacharelato de Arte. Destacar tamén que nos últimos cursos, coa implantación do ciclo básico de Peiteado e Estética acoden ao centro alumnos doutros institutos da zona que, en risco de non obter o graduado en ESO pola vía ordinaria, optan por unha oferta formativa de carácter máis práctico e profesionalizador.

En definitiva, o alumnado do IES Carvalho Calero, que este curso ascende a 312 persoas aproximadamente, está conformado por un variopinto panel de individuos pertencentes a moi diversas situacións económicas, culturais e sociais, de moi distintas idades e cuns intereses e metas radicalmente diferentes.

O panorama de ensinanzas e alumnado e as circunstancias especiais dalgún deles que puidera afectar á labor do departamento de orientación é o seguinte:

1. E.S.O. :

En 1º de ESO hai un único grupo con 23 alumnos.

Hai dez alumnos repetidores.

Once alumnos estarán exentos da segunda lingua estranxeira por presentaren dificultades nas linguas.

É previsible que haxa que realizar entre tres e catro adaptacións curriculares.

Hai nove rapaces de etnia xitana.

Un alumno ten recoñecida unha minusvalía física e non ten adquirida mínimamente a lectoescritura.

O 60% do alumnado está por debaixo do curso que lle corresponde por idade o cal significa que acumulan algún curso repetido na educación básica.

É previsible que asistan a apoio coa profesora de pedagogía terapéutica dez alumnos.

En 2º de ESO hai un grupo de vintecinco alumnos.

Hai dous rapaces con Adaptación Curricular

Tres dos rapaces son susceptibles de teren que realizarlles unha adaptación curricular.

Catro alumnos pertencen á etnia xitana.

Repiten curso tres alumnos. Promocionaron por promoción obrigada tres.

Un dos rapaces está tutelado polos Servizos de Menores da Xunta aínda que a garda tena a avoa.

O 37% do alumnado está nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

Prevedemos que uns dez alumnos asistan a apoio co profesora PT.

En 3º de ESO hai un grupo ordinario de dezaseis alumnos e un grupo de diversificación curricular con sete rapaces.

Neste curso repiten dous.

Hai unha alumna de etnia xitana.

Un rapaz con diagnóstico TEA, con discapacidade, é subsidiario de adaptación curricular e está en escolarización combinada con ASPANAEPS. Conta con varias sesións de apoio por parte da mestra de PT nos días que acude ao noso centro.

Hai tres alumnos con TDAH con minusvalía recoñecida e outro máis que presenta TEA.

En 4º de ESO hai un total de 30 alumnos. Repiten curso cinco.

Hai un alumno con TDAH e dous con TEA. Probablemente todos eles solicitarán a aplicación dos correspondentes protocolos da Xunta. .

Unha rapaza presenta hipoacusia e precisa audífono.

Unha das rapazas está tutelada polo Servizo de Menores da Xunta aínda que ten a garda a avoa.

Hai unha moza de etnia xitana susceptible de terlle que aplicarse a medida de adaptación curricular.

2. Bacharelato: O grupo de 1º BACH A está formado por 20 alumnos, todos eles do bacharelato de artes e susceptibles de realizar as oportunas convalidacións.

Neste grupo hai unha rapaza transexual susceptible de solicitar a aplicación do protocolo de identidade de xénero.

Hai outro rapaz con TEA que probablemente solicite cursar o bacharelato en tres anos.

En 1º de BACH B hai 32 rapaces, tres repetidores. Un alumno, con minusvalía recoñida, presenta Síndrome de Tourette cormóbido con TDA. Tamén hai outro rapaz con TDAH.

Hai un único grupo de 2º de BACH formado por 25 alumnos, catro deles repetidores.

Un rapaz ten diagnóstico de TDAH e outro de TEA, previsiblemente solicitarán aplicación de protocolos e ABAU adaptadas. Un alumno de etnia xitana.

3. Ciclo Formativo de Grao Básico de Peiteado e Estética : O grupo está formado por dezaseis alumnas e un alumno. Tres das rapazas son repetidoras.

Unha das alumnas é subsidiaria do Servizo de Saúde Mental e o curso pasado solicitou a aplicación do protocolo de risco suicida.

Un alumno é de etnia xitana. Outra das alumnas provén doutra comunidade autónoma.

Neste grupo destaca o feito de que todo o alumnado provén de 2º de ESO.

No segundo curso do ciclo están escolarizadas oito rapazas e un rapaz.

Dúas alumnas con minusvalía con diagnóstico de TDAH.

4. Ciclo Formativo de Grao Medio de Peiteado e Cosmética capilar : o primeiro curso cunha matrícula de vinte e catro alumnas/os e o segundo curso con trece. No grupo de 1º unha das rapazas ten unha minusvalía física.

5. Ciclo Formativo de Grao Medio de Estética e Beleza : Vinteseis alumnas en 1º curso, catro repetidoras e dúas con minusvalía psíquica recoñecida. Probablemente lles sexa aplicada a medida de flexibilización modular. No segundo curso hai doce alumnas.

6. Ciclo Formativo de Grao Superior de Estética Integral e Benestar: Dezaseis alumnos en 1º. Catorce alumnas/os en 2º, dúas con TDAH que solicitarán aplicación de protocolo.

4. AVALIACIÓN DE NECESIDADES

A avaliación de necesidades no eido da orientación realizouse baseándose na experiencia dos cursos anteriores, en entrevistas mantidas co equipo directivo, e en conversas informais co profesorado así como na análise da memoria do curso anterior.

Necesidades máis importantes detectadas :

Relativas ó centro:

- ✓ Necesidade de incrementar a competencia dixital do alumnado ante a implementación de Edixgal en todos os cursos da ESO .
- ✓ Necesidade de asesorar no relativo á elaboración do consello orientador ao alumnado da ESO.
- ✓ Necesidade de asesorar no establecemento de medidas organizativas que axuden a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado.
- ✓ Necesidade de asesorar na aplicación dos protocolos da Xunta de Galicia.
- ✓ Necesidade de completar o Plan de Atención á Diversidade aprobado o curso pasado cos Programas de Habilidades Sociais.
- ✓ Necesidade de asesorar na implementación da nova normativa de atención á diversidade (Orde 8 de setembro de 2021) e de xeito particular nas medidas de reforzo, adaptación curricular e diversificación curricular.

Relativas a alumnos:

- ✓ Necesidade de realizar a avaliación psicopedagóxica ós alumnos con n.e.a.e. que o precisen, centrándose especialmente no alumnado que se incorporou a 1º de ESO e ós de nova incorporación ó centro.
- ✓ Necesidade de facer un cribado para detectar alumnado con dificultades e tamén alumnado con altas capacidades.
- ✓ Necesidade de propoñer medidas de reforzo/adaptación curricular/ outras para os alumnos que o precisen. .
- ✓ Necesidade de artellar medidas de atención á diversidade tanto de tipo organizativo como curricular para os alumnos que o precisen.
- ✓ Necesidade de favorecer a competencia dixital do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ✓ Necesidade de dar unha resposta educativa integral ós alumnos que presentan necesidades educativas máis extraordinarias incidindo de xeito especial no alumnado que presenta problemas graves de conduta.
- ✓ Necesidade de realizar unha orientación vocacional diversificada en función da tipoloxía de alumnado de xeito que na ESO se centre na elección de optativas e itinerarios e en estudos posteriores , en BAC no acceso á universidade, ciclos de grao superior e nas validacións co Conservatorio e en FP en validacións e opcións de cursar outros estudos ao rematar grao medio ou grao superior así como na incorporación ao mundo laboral. Coidarase especialmente a orientación vocacional dos alumnos de FP Básica, enfocada fundamentalmente á súa inserción profesional ou a continuación de estudos de FP de grao medio. Tamén fará especial fincapé nas probas de acceso á universidade (ABAU) .
- ✓ Necesidade de artellar canles de información e comunicación virtual co alumnado para realizar a labor de orientación académico-profesional.
- ✓ Necesidade de realizar un seguemento individualizado periódico ao alumnado e familias que se considere oportuno por dificultades no proceso educativo, problemas de conduta, situación familiar desestructurada, etc. Coidarase especialmente o seguimento do alumnado con TDAH e protocolo de risco suicida.

Relativas ás familias:

- ✓ Necesidade dunha maior implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos facendo tódolos esforzos posibles por manter unha boa comunicación especialmente nos casos de alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe ou nos que sexa frecuente que dean lugar a problemas na convivencia.
- ✓ Necesidade de fomentar a competencia dixital das familias para manter canles de comunicación virtuais co centro.

Relativas ó profesorado:

- ✓ Necesidade de artellar medidas de atención á diversidade para dar resposta ós alumnos con necesidades educativas especiais e revisar as que se están a poñer en práctica.
- ✓ Necesidade de colaborar cos servizos externos que asisten aos alumnos e establecer canles de coordinación.
- ✓ Necesidade de colaborar coa profesora de Pedagogía Terapéutica na atención a alumnos con n.e.a.e.

- Necesidades máis importantes detectadas no centro adscrito:

Fundamentalmente, as necesidades deste centro inciden en favorecer a transición dos rapaces de 6º de primaria a 1º de ESO, coidando especialmente os casos nos que precisen medidas de atención á diversidade.

5. OBXECTIVOS XERAIS.

En base ás necesidades detectadas propóñense como obxectivos xerais para o Dpto. de Orientación ós seguintes:

- Crear unha dinámica entre o Dpto. de Orientación e a comunidade educativa (alumnos , profesores e pais) baseada na colaboración.
- Buscar recursos dixitais e impresos para a atención na aula e na aula PT do alumnado con n.e.a.e.
- Impulsar a utilización do libro dixital e da aula virtual entre o alumnado que asiste a apoio.
- Dotar de material de apoio ó profesorado que dá clase a alumnos con adaptación curricular.
- Realizar a avaliación e informe psicopedagóxico dos alumnos con n.e.a.e. que o precisen, especialmente ós de 1º de ESO e ós de nova incorporación.
- Facilitar o proceso de adaptación dos alumnos de nova incorporación tanto en 1º de ESO, FP Básica como noutros cursos. Recadar información nos seus centros de procedencia e informar ó profesorado sobre as circunstancias persoais e académicas que poidan resultar do seu interese.
- Asesorar ó profesorado no deseño, elaboración e posta en práctica de medidas de atención á diversidade: reforzo, adaptacións curriculares, programa de diversificación curricular, etc.
- Dinamizar a función titorial coordinando a labor dos titores e proporcionándolles material que lles poida resultar de utilidade incidindo especialmente en recursos virtuais.
- Poñer en práctica un servizo de información ó alumnado a través da Aula Virtual do centro sobre temas que lles poidan resultar de interese: ocio, estudos, sexualidade, etc.
- Poñer en práctica na Aula Virtual do Dpto de Orientación un servizo de información para pais/nai e outro para profesores/titores.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa educación en valores, a orientación vocacional, a prevención de adiccións, o uso axeitado das novas tecnoloxías, etc. Coidarase de xeito especial a temática alimentación saudable, actividade física e socialización por termos solicitado o Plan Proxecta: Aliméntate Ben, Móvete e Socializa.
- Fomentar a implicación das familias na tarefa educativa a través de reunións informativas para pais, a relación titor-pais, etc. Manter unha estreita relación coas familias de alumnos con n.e.a.e.
- Asistir a actividades de formación que poidan contribuír á mellora da tarefa orientadora .
- Colaborar con outras institucións co entorno: ASPANEPS, ASPANAEPS, Servizos Sociais , Equipo de Orientación Específico, Oficina de Información Xuvenil, UACO, etc.
- Colaborar con institucións alleas ó centro no desenvolvemento de actividades de carácter transversal: prevención de drogodependencias, sexualidade,etc.
- Informar a nivel académico, profesional e laboral ao alumnado que o solicite.
- Informar e asesorar sobre as novidades do sistema educativo e as distintas saídas académico-profesionais.

6. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN, ACTIVIDADES E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

A actividade do Dpto de Orientación para tentar cumprir os obxectivos propostos estrutúrase en torno a varios ámbitos desde os cales se realizarán as diferentes actividades. Asemade, deseñaranse os programas específicos que se consideren convenientes.

6.1.- APOIO Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actividades:

- Colaborar na elaboración dos plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.
- Colaborar na elaboración dos plans personalizados para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Colaborar cos mestres de Pedagogía Terapéutica na atención a alumnos con n.e.a.e. : selección do alumnado que precise reforzo, organización do apoio, deseño do horario, supervisión dos progresos, etc.
- Realizar a selección do alumnado que vai estar exento da segunda lingua estranxeira.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos que o precisen.
- Adquirir e deseñar material e recursos para atender ás necesidades de alumnos e profesores e, moi especialmente, dos titores. Localización de material dixital.
- Asesorar ó profesorado na elaboración e seguimento de medidas de atención á diversidade que funcionan no centro: reforzo, adaptación curricular.
- Seguimento dos alumnos que cursan o ciclo de FP Básica.
- Participar nas sesións de avaliación e coordinar a avaliación inicial.
- Atención a alumnos a nivel individual en cuestións referidas ó seu desenvolvemento persoal, social, familiar, etc.
- Seguimento educativo de alumnos a título individual no seu proceso de aprendizaxe.
- Manter unha relación fluída cos pais de alumnos con n.e.a.e. ou aqueles que presenten algunha problemática.
- Manter unha relación cos pais de tódolos alumnos a través da titoría, charlas informativas, entrevistas persoais, etc.
- Asistir a actividades de formación que se consideren de interese para a labor orientadora incidindo especialmente nas relacionadas coa convivencia e coas novas tecnoloxías.
- Manter xuntanzas cos centros adscritos a fin de detectar necesidades educativas dos futuros alumnos , informar ó profesorado que lles vai dar clase e deseñar de xeito temperá posibles medidas de atención á diversidade.

6.2.- PROGRAMACIÓN ANUAL DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.

O deseño da programación anual de Pedagogía Terapéutica ten como finalidade a planificación de medidas que faciliten unha resposta educativa adaptada ás necesidades específicas de apoio educativo que presentan os alumnos escolarizados no centro, ben sexan permanentes ou transitorias.

A proposta de atención destes alumnos e alumnas na aula de apoio será competencia do Departamento de Orientación en coordinación cos titores e profesores das distintas áreas e será levada a cabo pola mestra de Pedagogía Terapéutica.

6.2.1.- Alumnado do centro con necesidade específica de apoio educativo.

No IES Ricardo Carvalho Calero hai vinteun alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º de ESO que presentan necesidade específica de apoio educativo. En liñas xerais, este alumnado presenta as seguintes características:

Alumnado de 1º de ESO:

- DDA: Dificultades de aprendizaxe. Etnia xitana. Repite curso.
- GGR: Desfase curricular. Etnia xitana. Repite curso.
- GSJ: Desfase curricular. Adaptación curricular. Repite curso.
- JBA: Etnia xitana. Adaptación curricular.
- JJJ: Desfase curricular. Etnia xitana. Repite curso.
- PCJ: Desfase curricular. Etnia xitana. Adaptación curricular.
- TDZ: Desfase curricular. Etnia xitana. Desfase curricular.
- VBJ: Etnia xitana. Desfase curricular. Promoción con matemáticas suspensa.
- VDI: Moi grave desfase curricular. Etnia xitana. Adaptación curricular. Dificultades motrices. Minusvalía. Repite curso.
- VDML: Etnia xitana. Desfase curricular.

Alumnado de 2º de ESO:

- MJA: Dificultades de aprendizaxe. Lixeiro desfase curricular. Etnia xitana. Repite curso.
- PMJ: Dificultades de aprendizaxe. Circunstancias familiares desfavorecedoras. Problemas de conduta. Adaptación curricular. Repite curso
- GMX: Desfase curricular. Etnia xitana. Promoción PIL.
- GSY: Desfase curricular. Etnia xitana. Promoción PIL.
- MCP: Grave desfase curricular. Etnia xitana. Adaptación curricular.
- MVM: Desfase curricular. Promoción PIL
- GPA: Desfase curricular. Problemática familiar grave. Absentismo. Promoción PIL
- VME: Desfase curricular. Promoción PIL
- GDA: Lixeiro desfase curricular.
- MVD: Desfase curricular. Promoción PIL

Alumnado de 3º de ESO:

- TCSA: Grave desfase curricular. TEA. Escolarización combinada. Adaptación curricular. Minusvalía.

Nestes alumnos coexisten as seguintes características comúns a moitos deles con respecto ao proceso educativo:

- Presentan desfase curricular e ritmos de aprendizaxe distintos e lentos.
- Posúen poucos hábitos de estudo e traballo no centro e na casa.
- Pouca motivación por aprender.
- Baixa autoestima e inseguridade.
- Pouca tolerancia á frustración e ao fracaso.
- Pouca autonomía na realización das súas tarefas académicas.

- Requiren adaptacións nos contidos, complexidade, nivel de abstracción e modalidade de presentación das tarefas.
- Dificultades na lectura, expresión e comprensión oral e escrita, ortografía.
- Dificultades na numeración, cálculo e resolución de problemas.
- En canto ás capacidades cognitivas básicas, presentan un nivel baixo de razoamento e atención.
- Algúns alumnos presentan problemas graves de conduta que inflúen negativamente no proceso de aprendizaxe.
- Moitos deles están escolarizados en cursos por debaixo do que lles corresponde por idade.
- Nalgúns casos absentismo escolar.

6.2.2.- Obxectivos xerais da acción en Pedagogía Terapéutica

a. -Con respecto ao Centro:

- A detección temperá do alumnado con posibles dificultades e/o retraso na aprendizaxe.
- Dar prioridade á intervención nas contornas o menos restritivas posibles. Tentaremos atender de forma personalizada e específica, sempre favorecendo na medida do posible a integración nos grupos ordinarios.
- Elaboración de instrumentos para a avaliación e a intervención co alumnado con n.e.e, así como a realización e seguimento de plans de apoio individualizados para cada alumno e alumna (Plans de Actuacións, ...)
- Asesorar aos profesores/as e aos titores/as en canto a: material, agrupamentos, actuacións preventivas co grupo-clase e atención a alumnado con NEAE.
- Responder ás necesidades do alumnado, realizando ACs, programas de reforzo da programación xeral da aula e elaborando e desenvolvendo os programas específicos que fosen necesarios.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden ao alumnado con NEAE.
- Dinamizar a integración dos alumno/as con N.E.E no centro e nas diversas actividades que se propoñan.
- Acadar os obxectivos didácticos e competencias en cada curso e nos programas específicos, programas de reforzo e os establecidos nas ACs.

b.- Con respecto aos alumnos e alumnas:

- Organizar os tempos de atención aos alumnos/as en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Atención directa, a través de actividades docentes individualizadas ou en pequeno grupo.
- Reforzar aprendizaxes das diferentes materias.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias clave para a aprendizaxe de tódalas áreas.
- Desenvolver a adquisición das técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razoamento.
- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos e das alumnas.
- Traballar aqueles prerrequisitos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento lóxico – matemático, ...). Así como as súas Habilidades Sociais e hábitos de estudo e traballo.
- Integrar aos alumnos e alumnas na dinámica escolar.
- Favorecer un nivel de autoestima favorable no ámbito académico que os motive cara as novas aprendizaxes, que se vexan quen ante o que está a acontecer na aula
- Partir do seu nivel de desenvolvemento e propoñer tarefas que supoñan aprendizaxes

para a vida diaria, para extrapolar ao contexto académico posteriormente.

c.- Con respecto ás familias:

- Asesorar aos pais e nais de alumnos/as con NEAE proporcionando as orientacións precisas.
- Colaborar cos pais e nais para que participen na consecución dos obxectivos propostos.
- Atención directa aos pais e nais tanto de forma individual como en coordinación co titor/a.

d.- Con respecto ao Departamento de Orientación:

- Manter unha estreita colaboración coa Orientadora do centro para poder afrontar situación que requiran o seu asesoramento.
- Coordinar actuacións con outros servizos: Centros de Educación Especial cos que compartimos alumnado, Servizos Sociais, Centro de Acolida de Menores, Saúde Mental infanto-xuvenil.

5.2.3.- Contidos

Os contidos que nos servirán como instrumentos para acadar os obxectivos serán:

- Contidos didácticos xerais adaptados das programacións anuais dos profesores/as de aula.
- Priorización das áreas instrumentais básicas: L. Castelá, L. Galega e Matemáticas.
- Contidos establecidos nos programas de reforzo e nas AC.
- Adquisición das competencias clave.
- Desenvolvemento de Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Desenvolvemento da Competencia cidadá (CC)
- Desenvolvemento da competencia dixital (CD) co fin de capacitalos para relacionarse coas distintas administracións dada a implantación das tecnoloxías.

6.2.4.- Metodoloxía.

A acción terapéutica levarase a cabo de forma personalizada, individual ou en pequenos grupos tanto na aula ordinaria coma na aula de apoio

A metodoloxía estará baseada na motivación e participación activa do alumnado, fomentando o seu interese cara a adquisición de coñecementos axeitados ás súas necesidades, procurando que lle reporten satisfacción e seguridade. Procuraremos establecer a pedagogía do éxito, propoñer tarefas que poidan resolver para ir incrementando a dificultade e mellorando a súa actitude cara ás tarefas escolares.

Comezaremos con actividades individuais e cun alto grao de concreción, partindo sempre do seu nivel de competencias, para continuar con actividades menos guiadas e en grupo.

Para a organización do apoio na aula de Pedagogía Terapéutica teranse en conta os seguintes criterios:

- O apoio ao alumnado levarase a cabo dentro e fóra da aula ordinaria (na aula de Pedagogía Terapéutica) dependendo das características do alumnado. Darase prioridade ao apoio en aula ordinaria para os alumnos de reforzo.
- Procuraráse que o número máximo de alumnos que recibirá apoio a un mesmo tempo

na aula de apoio non supere os catro alumnos/as. Todos eles deben pertencer ao mesmo grupo-clase.

- En todos os casos informárase aos pais e pedirase o seu consentimento para realizar estes apoios tanto dentro como fóra da aula ordinaria.
- Tentarase distribuír as horas de apoio ao longo da semana de tal xeito que os alumnos reciban mínimo unha hora de L.Castelá, L.Galega e Matemáticas repectivamente. Na medida do posible co alumnado con AC incrementárase as horas de apoio. Así mesmo procurárase que o apoio non se realice sempre en tódalas horas da mesma materia.
- Farase un seguimento do alumnado que recibe apoio por parte do PT e manterase un contacto fluído con profesores e titores para que a atención educativa prestada sexa o máis coherente posible.
- Fomentarase a adquisición de destrezas por parte do alumnado para o emprego da Aula Virtual e Edixgal.

6.2.5.- Organización da aula de apoio.

Asisten á aula de apoio aqueles alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º de ESO que en base aos seus informes de valoración feitos, nuns casos no centro de primaria do cal proceden e noutros feitos polo propio instituto (alumnos e alumnas repetidores), teñan a necesidade de recibir apoio, dando prioridade á atención a alumnos/as con N.E.E. En total asisten á aula de apoio 21 alumnos/as.

Para atender a estes alumnos e alumnas está previsto actuar do seguinte xeito:

- Apoio directo na aula de Pedagogía Terapéutica. Os/as alumnos/as sairán das súas aulas de referencia para recibir apoio en pequeno grupo ou individualmente, onde se reforzará as adaptacións curriculares, as habilidades básicas e a súa autonomía persoal e a competencia dixital.
- Apoio na aula ordinaria naqueles casos que se considere que é máis beneficioso para que o alumnado poida seguir o ritmo do grupo clase ou que polo número de alumnos da aula de referencia se considere a opción máis axeitada .

O horario da mestra de Pedagogía Terapéutica é o seguinte (aínda que é susceptible de variacións ao longo do curso):

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30	1º ESO A MAT	GARDA	2º ESO MAT		
9:20	1º ESO B LC			3º ESO MAT	1º ESO A LC
10:10					
10:30	1º ESO B LG	2º ESO B LG	GARDA	1º ESO B LC	3º ESO TIC
11:20	Atención pais	1º ESO B MAT	1º ESO A LC	3º ESO FeQ	2º ESO LC
12:10					

12:30	2º ESO MAT	1º ESO A MAT	2º ESO A LG	1º ESO B MAT	3º ESO ING
13:20	2º ESO LC			1º ESO A LG	
14:10	XANTAR				
16:30					
17:20					
18:10					

6.2.6.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística (CCL) e Competencia plurilingüe (CP)

- Mellorar as estratexias, habilidades e normas para a interacción e comunicación.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Axudar aos alumnos e alumnas a practicar estratexias para empregar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar.
- Mellorar as aprendizaxes da lecto – escritura nas linguas oficiais e na medida do posible na 1ª e 2ª linguas estranxeiras, sempre que sexa posible.
- Mellorar a comprensión lectora. Potenciar a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector.
- Axudar aos alumnos e alumnas a tomar conciencia do valor do pracer da lectura.
- Empregar a lingua eficazmente para crear textos propios.
- Lectura na clase de obras axeitadas a súa idade e capacidade.
- Mellorar a ortografía.
- Ampliar o vocabulario básico.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)

- Reforzar as operacións básicas.
- Realización de problemas aplicando diferentes estratexias de resolución.
- Interpretar información que conteña linguaxe matemática.

Competencia dixital (CD)

- Reforzar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación como instrumento de aprendizaxe en tarefas sinxelas.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e Competencia cidadá (CC)

- A verbalización do proceso seguido na aprendizaxe axudará a reflexionar sobre o aprendido, o que falta por aprender. Esta reflexión potencia o desenvolvemento de estratexias que facilitan o aprender a aprender.
- Respetar aos compañeiros que teñen dificultades mostrando actitudes solidarias de axuda nas tarefas escolares.
- Respetar a quenda de palabra, as opinións dos demais,...

Competencia emprendedora (CE)

- Ser capaz de organizar as súas pertenzas, priorizar actividades, elaboración dunha lista de tarefas pendentes...
- Habilidade para traballar individualmente e en equipo
- Ter criterio propio para tomar decisións evitando deixarse levar polos demais
- Valorar as propias posibilidades de mellora e autoimpoñerse metas propias.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

- Empregar manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento.
- Atopar fontes e formas de comprensión e expresión
- Valorar a diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural.

6.2.7.- Recursos

O centro este ano contará cunha única aula de apoio de Pedagogía Terapéutica. Conta esta aula con ordenador de sobremesa. O alumnado conta con ordenadores portátiles de préstamo, pois está o centro implicado no programa E-DIXGAL, o que facilita poder facer actividades interactivas co alumnado, busca de información, etc., que sempre resultan máis motivadoras para o alumnado. Ademais dispoñemos de Aula Virtual para o alumnado na plataforma corporativa do centro, que utilizaremos para propoñer tarefas, comunicarnos co alumnado ou poñer á súa disposición materiais de consulta de elaboración propia para solventar dúbidas ou completar tarefas da aula ordinaria

Dispoñemos de libros de texto, de 1º e 2º da ESO, guías didácticas, cadernos de reforzo de diferentes editoriais e correspondentes ás áreas instrumentais (linguas e matemáticas), cadernos de adaptacións curriculares para 1º e 2º da ESO das Editoriais Aljibe e de G.E.U, Serapis e Fundación Integra. Tamén contamos con materiais de niveis inferiores, pois ao estar inscritos no programa E-DIXGAL podemos ter acceso a moitos recursos na propia plataforma.

Existen ademais materiais propios dos campos de necesidades especiais para favorecer a percepción, a atención, a memoria, a motricidade, a autoestima, habilidades sociais.

En canto aos recursos persoais, o Departamento de Orientación conta cunha orientadora e un mestra de P.T.

6.2.8.- Avaliación

Avaliación da aprendizaxe:

A avaliación permitirá ao profesorado coñecer o grao no que o/a alumno/a vai adquirindo as aprendizaxes programadas, tendo en conta que a avaliación será: global, continúa e formativa.

Avaliación inicial. É o punto de partida para orientar as decisións curriculares. Para elaborala, fixéronse breves probas con actividades referentes aos obxectivos e contidos do ciclo ou etapa onde se prevé que se atopa o nivel de competencia curricular do alumno/a.

Avaliación continua. Ten por obxecto comprobar os progresos (dificultades, regresións) que concorren no proceso ensino/aprendizaxe. Os criterios de avaliación serán extraídos das súas ACIS, tendo en conta os seus obxectivos. A técnica empregada será a observación da realización das actividades presentadas. Se esta non é positiva, se deberá reorientar a

programación no referido aos obxectivos e contidos.

Avaliación final. Ao finalizar o curso, valorarase a consecución dos criterios de avaliación da programación. Realizarase por parte dos mestres de P.T. un informe final individualizado, concretando o nivel de competencia curricular adquirido polos alumnos e alumnas nas áreas traballadas, as dificultades atopadas, así como propostas de mellora para o curso seguinte.

Criterios de avaliación:

En canto aos criterios de avaliación referentes ao alumnado teremos en conta o grao no que fomos capaces de:

- Organizar os tempos de atención aos alumnos/as en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Garantir a integración social e escolar.
- Favorecer o desenvolvemento socio - afectivo dos alumnos/as.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias clave para a aprendizaxe de tódalas áreas.
- Acadar os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno e alumna.
- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas.
- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos e alumnas.
- Traballar aqueles prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico – matemático, ...). Así como as súas Habilidades Sociais e hábitos de estudo.

Avaliación da programación:

Durante o curso realizarase unha avaliación que consistirá na análise e reflexión por parte da mestra de P.T. sobre a propia práctica e funcionamento do planificado, valoraranse os seguintes elementos:

- Axustouse o deseño da programación ás características dos alumnos e alumnas?
- Acadáronse os obxectivos previstos?
- Foi necesario introducir moitos cambios durante o proceso?
- Houbo coordinación entre os distintos profesionais que traballan cos alumnos e alumnas?

6.3.- ACCIÓN TITORIAL : CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

O Plan de Acción Titorial contempla como obxectivos fundamentais catro:

- Optimizar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos
- Favorecer os procesos de ensino-aprendizaxe
- Favorecer a coordinación do equipo docente
- Colaborar cos pais na súa labor educativa.

En relación a acción titorial o departamento de orientación desenvolverá as seguintes actividades:

- Manter reunións semanais/quincenais cos titores e xefatura de estudos para coordinar a labor titorial a nivel individual, grupal e co equipo docente.

- Coordinar xunto con xefatura de estudos a xornada de acollida de alumnos e familias e dar pautas de actuación aos titores.
- Participar na sesión de avaliación inicial.
- Participar nas sesións de avaliación.
- Manter unha comunicación fluída familias-titor/a-orientador/a.
- Colaborar cos titores no control do absentismo escolar e manter un seguemento con Servizos Sociais nos casos que lles sexan derivados.
- Promover actividades para realizar na hora de tutoría grupal facendo fincapé na resolución de conflitos, convivencia, tolerancia, asertividade, prevención de hábitos perxudiciais para a saúde, promoción de hábitos saudables, hábitos e técnicas de estudo.

Para realizar na hora de tutoría grupal existente na etapa da ESO e no ciclo de FP Básica propóñense as seguintes actividades a título xenérico :

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida alumnado. - Elección delegado. - Actividades cohesión grupal. - Parte estado aula. - Estudo do NOF. - Día contra a violencia de xénero. - Día Dereitos Humanos. Película: <i>Invictus</i>. - Alfabetización dixital: Edixgal, Aula Virtual e correos electrónicos. - Charla sobre alimentación saudable. - Concurso de Nadal. - Preparación dunha panxoliña para o festival de Nadal. - Celebración do Samaín e Nadal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Resolución conflitos. - Educación en valores (inclusión, no discriminación). - Día da muller e a nena na ciencia. - Día da muller. - Película: <i>Cobardes</i>. - Alfabetización dixital: descarga de fotografías e pasar documentos a PDF. - Preparación dos disfraces e canción para o Entroido. - Charla Plan Director. 	<ul style="list-style-type: none"> - Resolución conflitos. - Educación en valores (igualdade, inclusión, no discriminación). - Película: <i>Pequena Miss Sunshine / Quiero ser como Beckham</i>. - Enquisa Plan de Convivencia. - Transición a 2º ESO.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida do alumnado. - Elección de elegada/a. - Estudo das NOF do centro. - Posta en común e traballo para a resolución de conflitos no grupo. - Actividades para fomentar a cohesión e a creación de identidade de grupo. - Día contra a violencia de xénero. Traballo no 	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a 1ª avaliación. Análise e busca de estratexias de mellora. - Posta en común e traballo para a resolución de conflitos no grupo. - Actividades para fomentar a cohesión do grupo. - Técnicas de estudo. - Día da paz e a non violencia na escola. - Día da muller traballadora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a 2ª avaliación. Análise e busca de estratexias de mellora. - Expectativas de cara ao remate do curso. - Debates entorno a conflitos do grupo. - Actividades para fomentar a cohesión do grupo. - Día internacional contra o bullying ou o acoso escolar. - Día das Letras galegas.

	<p>fomento dos valores de igualdade de xénero.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dereitos humanos. - Acoso escolar. - Uso e abuso do móbil e de outros dispositivos electrónicos. - Actividades de decoración de aula no Samaín. 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades para fomentar a empatía. - Actividades para fomentar o consumo responsable. - Actividades de preparación do Entroido. 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades para fomentar a saúde. - Itinerarios educativos. - Avaliación da titoría.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida alumnado. Expectativas. - Elección delegado/a- - Presentación e obxectivos do grupo. - Normas de aula e NOF. -Día contra a violencia de xénero. - Fomento da competencia dixital. - Cine didáctico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos e técnicas de estudo. -Día Internacional da non violencia - Educación en valores - Prevención drogodependencias - Todos contra o acoso escolar. - Lectura libre. - Cine didáctico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Itinerarios 4º ESO. - A seguridade en internet. - Día mundial do medio ambiente. - A diversidade sexual. - Lectura libre. - Cine didáctico.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> -Acollida alumnado. -Coñecemento grupal. -Elección representant -Personalización da aula. -Análise sociolóxica do grupo-clase. -NOF. Dereitos e deberes do alumnado. -Autoconñecemento. Autoestima. -Conmemoración Samaín/Nadal . -Violencia de xénero. -Competencia dixital. -Aprender a aprender. -Saúde integral -Pensamento crítico. -Activ solidarias. -Axenda 2030 	<ul style="list-style-type: none"> -Coñecemento grupal. -Mantemento da aula. -Análise sociolóxica do grupo-clase. -Fomento cooperación. -Resolución de conflitos. -Orientación académico profesional. -Entroido. -Competencia dixital. -Competencia comunicativa. - Adiccións. -Educación afectivo sexual. -Axenda 2030 	<ul style="list-style-type: none"> -Mantemento da aula. -Cooperación. -Resolución de conflitos. -Itinerario educativo profesional persoal. -Acto de graduación. -Letras galegas. -Competencia iniciativa persoal e espírito emprendedor. -Trastornos da conduta -Pensamento crítico. -Axenda 2030
1º FPB	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida alumnado - Elección delegado - Estudo NOF - Actividades cohesión grupal -Consideracións específicas nos talleres de imaxe persoal - Actividades relacionadas coa 	<ul style="list-style-type: none"> - Prevención riscos laborais - Adiccións - Sexualidade - Redes sociais - Cine educativo - Motivación -Hábitos saudables 	<ul style="list-style-type: none"> - Cine educativo - Atención ao público - Medio ambiente - Igualdade

	autoestima - Uso responsable dos materiais funxibles e non funxibles en imaxe persoal		
2º FPB	- Acollida alumnado - Elección delegado - Estudo NOF. - Estudo das consideracións xerais na aula de grupo. - Estudo das consideracións específicas nos talleres de imaxe persoal. - Actividades de fomento da competencia dixital.	- Actividades relacionadas coa autoestima. - Actividades cohesión grupal. - Resolución de conflitos. - Violencia de xénero. - Acoso. - Prevención riscos laborais. - Uso responsable dos materiais funxibles e non funxibles en imaxe persoal.	- Adiccións - Sexualidade - Cine educativo - Atención ao público. - Reciclaxe. - Nutrición saudable. - Motivación. - Igualdade.

6.4.- ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

O fin fundamental da orientación académico-profesional é favorecer a toma de decisións vocacionais do alumno a través dun proceso de reflexión autónomo e responsable. Para acadar este fin será preciso atender ós seguintes bloques temáticos:

- coñecemento de sí mesmo
- coñecemento do mundo educativo
- coñecemento do mundo laboral
- coñecemento e aplicación de procesos de recollida e análise da información
- coñecemento e aplicación de estratexias de toma de decisións.

As actividades a realizar polo Departamento de Orientación neste senso serán :

- Coordinar actividades escolares e extraescolares que faciliten información ó alumnado sobre distintos campos profesionais.
- Asesorar ós titores nas actividades de orientación académico-profesional destinadas o grupo-clase como colectivo.
- Asesoramento individual a alumnos e familias.
- Información ás familias sobre as distintas opcións académico-profesionais que ofrece a entorna.
- Difundir os contidos relativos a orientación académico-profesional a través da páxina web do centro e da Aula Virtual.
- Información sobre o sistema educativo: criterios de promoción e titulación, materias e currículo derivado da LOMLOE, saídas académicas e profesionais...
- Información a nivel grupal/individual nos momentos cruciais da ESO: elección de itinerario en 3º de ESO e elección de estudos postobrigatorios en 4º de ESO.

- No Bacharelato ofrecer información sobre as ABAU, a universidade, os ciclos de grao superior, oposicións e outras opcións formativas.

Os contidos cara os que se orientarán as distintas actividades variarán en función das etapas, niveis ou cursos que se trate, de tal xeito que sexan o máis contextualizados posible dacordo coas decisións sobre o seu futuro académico-profesional van a ter que ir tomando os alumnos.

Etapa, nivel, curso	Contidos a traballar
2º ESO	- Elección itinerario educativo - Implantación da LOMLOE
3º ESO	- Coñecemento do sistema educativo - Elección de itinerarios - Implantación da LOMLOE
4º ESO	- Coñecemento do sistema educativo(Bacharelato, ciclos formativos) - Implantación da LOMLOE - Elección de itinerario educativo personalizado
1º e 2º de bacharelato	- Implantación da LOMLOE - O sistema universitario galego - A Formación Profesional - Probas de acceso a ciclos - Validacións ensinanzas de música - Bolsas e axudas ao estudo - Probas de acceso á universidade - Outras ofertas formativas
Ciclos formativos e FP Básica	- Validacións de módulos - Bolsas e axudas ao estudo - Probas de acceso a ciclos - Transición de ciclo básico a ciclo medio e de ciclo medio a ciclo superior - Técnicas de busca de emprego - Prevención de riscos laborais e primeiros auxilios

6.5. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CONVIVENCIA NO CENTRO.

- Análise de necesidades e estudo de comportamentos grupais
- Implementación de sinxelos programas de habilidades sociais có obxecto de modificar conductas.
- Dar pautas aos titores para as intervencións de mellora do clima da aula e do centro con actitudes de respecto, seguimento de normas, comprensión, tolerancia, interrelacións persoais en positivo, atendendo a mellora da autoestima
- Seguimento e intervención individualizada co alumnado con problemas de conduta.
- Campaña de fomento do bo uso das novas tecnoloxías.
- Campaña de educación emocional e habilidades sociais.

6.6.- ACTUACIÓN CO CENTRO ADSCRITO.

Manteranse as reunións que se consideren precisas coa orientadora do centro adscrito (alomenos unha trimestral)

Este curso tentarase retomar a tradicional xornada convivencia cos alumnos e 6º de primaria..

Levarase a cabo unha reunión coa orientadora do centro adscrito para recadar información sobre alumnado con n.e.a.e. que vaia a incorporarse ao centro o vindeiro curso.

7.- METODOLOXÍA.

Retomaremos as actividades de carácter grupal tanto dentro (charlas, obradoiros...) coma fóra do centro (visitas). Tentarase favorecer que as actividades cheguen ao maior número de alumnado posible provomendo as actividades interniveis.

Agora ben, o anterior non exime de que haxa situacións que requiran unha atención individualizada tanto con profesores, como con pais ou alumnos.

8.- RECURSOS.

Algúns dos recursos necesarios para poder levar a cabo as actividades suxeridas son:

Recursos materiais:

- Dotación económica para adquisición de material bibliográfico .
- Ordenadores con impresora tanto no despacho de orientación coma na aula de Pedagogía Terapéutica
- Liña telefónica
- Aula de apoio
- Servicio de reprografía
- Material funxible.
- Aula Virtual.

Recursos persoais:

- Persoal de Admón. e Servicios
- Equipo Directivo
- Mestra de Pedagogía Terapéutica
- Titores
- Equipo de Orientación Específico
- Asistencia Social, Casas de acollida, Servicio Galego de Colocación, etc.
- ASPANEPS (Saúde mental), ASPANAEPS, EOE, UACO, Servizos Sociais, etc

Recursos de tipo organizativo:

- Xuntanza periódica dos membros do Departamento de Orientación.
- Xuntanzas cos titores da ESO e FP Básica
- Contactos cos titores de bacharelato e de ciclos formativos.
- Xornada de preacollida para o alumnado de 6º de primaria.
- Xuntanzas coa Orientadora do centro adscrito CEIP Leticia.
- Atención a pais
- Atención individual a alumnos
- Charlas informativas a pais e alumnado.
- Aula Virtual.

9- AVALIACIÓN.

A avaliación enténdese como un proceso de recollida de información para emitir xuízos de valor que permitan a toma de decisións.

Os criterios que, a priori, guiarán o proceso de avaliación da actividade realizada polo Departamento de Orientación serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos
- Grao de adecuación das actividades realizadas
- Grao de adecuación dos recursos
- Grao de satisfacción dos implicados
- Efectos acadados e non previstos.

Para determinar estes aspectos tomaranse como fontes de información a opinión persoal dos implicados, a avaliación de cada actividade concreta e cuestionarios deseñados a tal efecto.

Ademais, contemplaranse os tres momentos indispensables en toda avaliación:

- Avaliación inicial; estaría constituída pola avaliación de necesidades.
- Avaliación formativa; realizada ó final de cada actividade concreta, permitirá a toma de decisións no transcurso do proceso.
- Avaliación final; levarase a cabo ó final do curso e os seus resultados incluíranse na Memoria Anual de xeito que sirvan de base para manter o vindeiro curso algúns aspectos do Programación así como para modificar aqueles que se considere preciso.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS.

- Para o alumnado da ESO e bacharelato e FP Básica:
 - Plan Director da Convivencia Escolar.
 - Programa Aliméntate Ben, Móvete e Socializa.
 - Visita á oferta formativa de FP de Ferrol.
 - Visita aos campus universitarios de Ferrol, Coruña e Santiago.
 - Charlas de divulgación científica da UDC .
 - Charlas temáticas da USC. Programa A Ponte.
 - Charla informativa sobre as ABAU.
 - Programa Descubre: no bloquees tu salud mental.
 - Xornada de Orientación Concello de Ferrol.
 - Charla sobre as Forzas Armadas
 - Charla Centro Superior de Hostalería de Galicia
 - Campaña de fomento da doazón a de ADOS.
 - Programa de prevención universal de condutas aditivas de ASFEDRO.
 - Programa de prevención do xogo patolóxico de ASFEDRO
 - Programa de educación viaria de Stop Accidentes.

- Para o alumnado de ciclos formativos:
 - Xornada de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios.
 - Visita Viveiro de empresas do CIFP Rodolfo Ucha.

Esta é unha previsión de actividades organizadas polo Departamento de Orientación. É probable que ao longo do curso vaian xurdindo outras e se incremente o número das mesmas.

Na selección de actividades tentarase priorizar aquelas de carácter informativo relacionadas coa orientación académico-profesional, aquelas relacionadas coa prevención de adiccións e o bo uso das novas tecnoloxías e tamén aquelas relacionadas co fomento de valores e a convivencia.

Ferrol, a 20 de setembro de 2023